



Confederación Intersindical Galega

ADMINISTRACION PUBLICA

SECTOR LOCAL

Lei de Coordinación das Policía Localis

INFORMACIÓN SOBRE O TRÁMITE PARLAMENTAR

Como xa saberedes, o Proxecto de Lei está a seguir o trámite parlamentario, atopándose en fase de estudo e debate en Comisión das emendas presentadas polos grupos parlamentares.

Logo da frustración que supuxo o resultado do grupo de traballo creado pola Consellería, e o consabido recorte do texto do proxecto na Comisión Galega de Cooperación Local, **dende o inicio do trámite parlamentario estamos a manter conversas co grupo parlamentario do BNG, orientadas a emendar o proxecto nos aspectos nos que sempre manifestamos as nosas principais discrepancias, a saber: mobilidade, segunda actividade e integración no grupo superior sen a retribución correspondente.**

No que atinxe á mobilidade, o BNG ten presentada unha emenda para que a porcentaxe mínima de reserva de prazas das ofertas de emprego pase do 10% o 25%.

Pola súa banda, o PP tamén ten presentada unha emenda a este respecto para que a reserva de prazas de mobilidade sexa como mínimo **un tercio das prazas** ofertadas.

En canto á segunda actividade, o BNG propón a supresión do artigo 64.2, que é onde se lle da o Concello a posibilidade de anular ou limitar a segunda actividade ó establecer que *"o Concello, motivadamente, co fin de optimizar os seus recursos, e tras o informe á Consellería competente en materia de seguridade, poderá limitar por cada ano natural e categoría o número de funcionarios que poidan acceder á situación de segunda actividade por razón de idade, prorrogando a permanencia no servizo activo dos que, na orde inversa á data en que cumpran a idade, excedan da cota así fixada"*.

Para estes efectos, o PP propón que se lle de audiencia previa á Xunta de Persoal, mantendo o resto da redacción como está, e engadindo no artigo 69 que *"Por acordo entre o Concello e o Corpo da Policía Local a situación administrativa de segunda actividade poderase declarar sen indicación de destino"*.

- ✓ No referente á Disposición Transitoria Primeira, que é onde se establece a **integración no grupo superior nun prazo de cinco anos e sen incremento das retribucións**, o BNG presentou unha emenda (ao parecer pactada con UGT e CCOO) para que a integración no grupo superior se reduza ós **tres anos, mantendo no texto da Lei o apartado 4:** *“ A clasificación dos funcionarios da Policía local prevista nesta disposición levarase a efecto **de modo que non supoña incremento no cómputo conxunto das súas retribucións**. Nestes casos percibirán o soldo base e trienios correspondentes ao novo grupo de titulación, pero o exceso sobre o do grupo anterior deducirase das súas retribucións complementarias, preferentemente do concepto de produtividade se o hai, referidas a catorce mensualidades ao cómputo anual **de forma que se perciban idénticas remuneracións globais respecto á situación anterior**”.*

A este respecto o PP presentou un emenda que propón reducir o prazo para a integración a **dous anos** dende a entrada en vigor da lei, ao tempo que propón que *“**Co obxecto de poder atender ó incremento do gasto que esta nova clasificación pode supoñer para os Concellos, a Xunta de Galicia manterá un fondo na contía suficiente para facer fronte a este incremento durante 5 anos.**”*

Ademais, propón a **supresión do controvertido punto 4** desta disposición.

É previsible que as emendas do BNG relativas á mobilidade e a regulamentación da segunda actividade sexan aprobadas (ao parecer están consensuadas co PSOE). **Pero no que atinxe á integración no grupo superior**, aínda que se está a estudar a supresión do punto 4 da Transitoria Primeira, **non parece que a día de hoxe haxa ningún consenso**. Pola nosa banda, xa lle fixemos saber ao Grupo Parlamentar do BNG que a integración no grupo superior nun maior ou menor prazo tería unha mínima transcendencia para o persoal das policía locais, si se mantén no texto da Lei a imposibilidade de negociar os incrementos salariais correspondentes. Informámoslles que **non aceptaríamos ningunha opción que implique a clasificación no grupo superior, con esixencia da titulación para o ingreso e con maiores funcións que as actuais, deixando limitado por Lei a posibilidade de negociar os incrementos retributivos correspondentes**.

Ata a data non temos noticias de que o Proxecto de Lei vaia mudar no sentido exposto polo que, **dende a CIG, seguimos mantendo contacto cos sindicatos que se sumaron ao chamamento unitario contra desta Lei, para propoñer novas medidas de protesta a desenvolver nas próximas datas e que anunciaremos oportunamente**.